

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 31/01/2020 13:22:48
SAIDA 1455/20

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 178/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 11 de decembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11 de decembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 10 de decembro de 20189, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información ante Turismo de Galicia, referida á inspección de turismo.

O reclamante manifesta que solicitou coñecer cantos inspectores hai traballando en cada unha das áreas xeográficas de Turismo de Galicia e a información solicitada non foi proporcionada, xa que lle remiten o número total de inspectores e non por área xeográfica.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e da resolución que se impugna.

Segundo. Con data 18 de decembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Axencia de Turismo de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 20 de decembro de 2019.

Terceiro. Con data 15 de xaneiro de 2020 a Axencia de Turismo de Galicia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

A Axencia informa que con data do 18.07.2019 o interesado presentou un escrito no que, entre outras cuestións, solicitaba coñecer o número de persoal da Axencia Turismo de Galicia, en xeral, e do persoal inspector en particular, así como cantos destes últimos se atopaban de baixa ou de vacacións, información que lle foi concedida mediante resolución do 29.07.2019 da directora de Turismo de Galicia.

Con data do 31.07.2019 o interesado solicita coñecer cal é o número de inspectores de Turismo de Galicia actuando en cada unha das rexións nas que se divide Galicia e cantos deles se atopan de baixa ou de vacacións. Mediante resolución do 30.09.2019 da directora de Turismo de Galicia concedeuse o acceso á información pública solicitada.

Con data do 30.09.2019, presentou nova solicitude de información pública que foi resolta con data do 09.10.2019 na que insiste, entre outras cuestións, na solicitude de información sobre cantos inspectores de turismo se atopan traballando en cada unha das zonas xeográficas de Galicia.

Con data do 12.11.2019, tras a resolución do 30.10.2019 da presidenta da Comisión de Transparencia de Galicia, presentou unha nova solicitude de información pública no que solicitaba información sobre canto persoal teñen os diferentes departamentos rexionais de inspección de Turismo de Galicia e cantos deles se atopaban exercendo activamente entre os meses de xuño e setembro de 2019 e cantos estaban de baixa laboral ou de vacacións en cada área.

Coa mesma data, o 12.11.2019, a Axencia Turismo de Galicia formulou requirimento a [REDACTED] en virtude do establecido no fundamento quinto da resolución da Comisión de Transparencia, para que comunicase á Axencia Turismo de Galicia o período de tempo sobre o cal solicita a información relativa ao número de inspectores de turismo en situación de baixa laboral ou de vacacións e con data do 27.11.2019 se informa ao interesado do estado do cadro dos inspectores de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

O 09.12.2019 o interesado presentou nova solicitude de información pública, na que insiste na mesma cuestión. A dita solicitude foi inadmitida a trámite con data do 10.12.2019 pola directora de Turismo de Galicia en base ao artigo 18 da Lei 19/2013, do 18 de xaneiro.

A Axencia considera que todas as solicitudes de información pública presentadas polo interesado foron contestadas nos termos da normativa vixente en materia de Transparencia.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións dadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Axencia de Turismo de Galicia resolveu a solicitude de acceso á información con data do 10 de decembro de 2019 e o interesado interpuxo a reclamación con data do 11 do mesmo mes, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado presenta unha reclamación contra a resolución da Axencia de Turismo de Galicia do 10 de decembro de 2019, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información referida ao número de inspectores de turismo traballando por cada unha das áreas inspección. O motivo da inadmisión é o establecido no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, ao considerar a Axencia de Turismo de Galicia que a solicitude é manifestamente repetitiva.

De acordo coa documentación que consta na copia do expediente remitido, o interesado solicitou información sobre o número de inspectores con datas do 18.07.2019, 30.09.2019 e 12.11.2019, solicitudes ás que se lle contestou mediante a remisión do link á web onde figura a relación de postos de traballo da Axencia no que pode atopar os inspectores adscritos a servizos centrais e áreas provinciais. Respecto aos que se atopaban de baixa ou vacacións entre os meses de xuño e setembro de 2019, unicamente existe unha contestación do 27 do 11 de 2019, do director de Competitividade, na que se lle informa do número total de inspectores que estiveron de baixa e vacacións nos referidos meses, pero non se lle indica o número de inspectores de baixa e vacacións por áreas, que é a información solicitada polo interesado.

O Criterio 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno sobre as causas de inadmisión de solicitudes de información repetitiva ou abusiva sinala que para inadmitir unha solicitude por este motivo, tería que coincidir con outra ou outras presentadas anteriormente polo mesmo ou mesmos solicitantes e que fosen rexeitadas e a resposta adquirise firmeza, ou que xa se lle tivese ofrecido a información e non houbera modificación real ou legal dos datos ofrecidos no seu momento. Igualmente sería manifestamente repetitiva se se tratara dun asunto de resposta imposible, ben polo contido ou por razóns de competencia e así se lle notificase e xustificara ao solicitante da información.

No presente caso, o interesado solicitou varias veces a mesma solicitude de información, pero en ningunha das contestacións que se lle deu, se lle remitiu a información solicitada, isto é o número de inspectores que estiveron de vacacións ou de baixa entre os meses de xuño e setembro de 2019, por áreas ás que están adscritos o persoal inspector, isto é, servizos centrais e áreas provinciais. Por tanto, non se pode considerar que a solicitude presentada polo recorrente sexa abusiva nin repetitiva polo feito de ser presentada varias veces, dado que en ningunha das respostas que se lle deu, se lle remitiu a información completa solicitada. De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, ao non darse os requisitos para considerar a solicitude do interesado como abusiva ou repetitiva.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por ██████████ con data 11 de decembro de 2019, contra a Resolución do 10 de decembro de 20189, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información ante Turismo de Galicia, referida á inspección de turismo.

Segundo: Instar a Axencia de Turismo de Galicia, a que proporcione ao interesado o número de inspectores que estiveron de vacacións ou de baixa entre os meses de xuño e setembro de 2019, por áreas ás que están adscritos o persoal inspector, isto é, servizos centrais e áreas provinciais, no prazo máximo de 10 días hábiles, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Axencia de Turismo de Galicia, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ
(R: S6500009C)

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.01.30 17:31:31
+01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.